

O PSdG aspira a ter oito deputados pola provincia «para apuntalar a vitoria de Besteiro»

REDACCIÓN

PONTEVEDRA. Obter oito deputados pola provincia de Pontevedra. É o reto que vén de lanzar o secretario xeral do PSdG-PSOE por Pontevedra, David Regades, na xuntanza da Executiva celebrada onte en Vigo.

A formación socialista pechou o ano cunha xuntanza na que se celebrou a fortaleza do partido e a unidade de todas as agrupacións locais e na que, informaron fontes do partido, se visualizou o compromiso absoluto para contribuír «de maneira decisiva na campaña das inminentes eleccións autonómicas á vitoria de José Ramón Besteiro», apuntaron fontes do partido. Un candidato, en palabras do secretario xeral, David Regades, «moi solvente, con pinta de presidente e que simboliza ao mesmo tempo a experiencia e a renovación».

A xuntanza da Executiva contou ademais coa presenza do alcalde de Vigo, Abel Caballero, que animou a dar a batalla dende xa «porque a campaña xa empezou con intensidade e non vai parar no Nadal, a pesar de que o PP non quere campaña». Ao remate pasou por Vigo tamén o secretario xeral do PSdG-PSOE, Valentín Formoso, quen agradeceu o traballo de toda a militancia pontevedresa.

Regades fixo un repaso dun ano 2023 no que, subliñou, «a provincia máis socialista de Galicia» volveu ser decisiva contribuíndo á continuidade do Goberno de España que preside Pedro Sánchez cuns resultados espectaculares que foron os mellores de Galicia.

O líder PSdG-PSOE provincial lanzou o reto de pasar dos cinco deputados actuais por Pontevedra a oito e para iso instou a traballar dende cada agrupación «dende xa, porque nós estamos máis que preparados, estamos fortes e danos igual cando se convoquen as Autonómicas». «Se sacamos 8 deputados, Besteiro será presidente e mesmo con 7 hai moitas posibilidades», afirmou.

Regades destacou que a provincia de Pontevedra vai ser fundamental para «apuntalar a vitoria de Besteiro e o cambio de ciclo na Xunta de Galicia. Na bancada de enfronte Regades observa o líder dos socialistas da provincia a un Partido Popular que se amosa «extremadamente nervioso» e que comete erros tácticos de vulto, como andar máis pendente do que fan os socialistas que de gobernar a Xunta.

A directora xeral de Reforma Sanitaria destaca o potencial dos Plans de Saúde

► López Linares visitou onte as instalacións de Virxe Peregrina e Marín, onde destacou a aposta do Sergas por integrar os centros de saúde no tecido sociosanitario da súa contorna

PONTEVEDRA. A directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Consellería de Sanidade, Sofía López Linares, destacou onte o papel decisivo que están a xogar os Plans Locais de Saúde, nunha visita aos centros de Atención Primaria de Virxe Peregrina e Marín.

Os mencionados plans son «instrumentos vivos, abertos e participativos» que, segundo a directora xeral, pretenden integrar cada centro de saúde no tecido social, tendo en conta as asociacións de veciños, as farmacias, as residencias e os servizos dispoñibles nos barrios para, entre todos, «crear sinerxias de protección e coidado da saúde».

Precisamente o Sergas aprobou a semana pasada 28 novos Plans Locais de Saúde, dos que catro corresponden aos centros de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis, O Grove e Marín. Deste xeito, a Área Sanitaria acada os once plans



Unha das mesas de traballo celebradas onte durante a visita de López.

deste tipo, posto que xa existían outros sete nos centros de Valga, Bueu, Lérez, A Parda e Virxe Peregrina en Pontevedra, Cambados e Vilanova de Arousa.

Durante a visita, a directora xeral destacou o papel determinante dos profesionais de Primaria na

promoción da saúde, así como o valor dos Plans de Saúde para «servir de guía na planificación de medios» e para «potenciar o valor dos equipos».

Ademais, destacou que os plans permiten unha mellor organización das axendas dos profesionais

e, ao mesmo tempo, fomentan que os traballadores de cada centro participen en labores de promoción e prevención da saúde.

López Linares estivo acompañada pola directora de Atención Primaria da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, Marta Ocampo, e a subdirectora de Prestación Farmacéutica desta área de saúde, Nuria Iglesias.

En total, a nivel Galicia lembrou que o ano pasado asináronse 14 Plans locais de saúde e que hoxe xa son 71 os centros que contan cun plan local. Isto supón preto do 50% dos servizos de Atención Primaria da Comunidade Autónoma, un fito que se enmarca nunha folla de ruta estratéxica trazada polo Sergas «para mellorar a saúde da poboación e a eficiencia dos servizos, así coma para incrementar a satisfacción dos profesionais e a calidade e experiencia dos pacientes».

Farmacia recibe o selo de calidade á información ao paciente oncolóxico

O Servizo de Farmacia do CHUP recibiu onte o selo de calidade á información ao paciente oncolóxico, un recoñecemento outorgado pola Fundación de Ciencias do Medicamento e Produtos Sanitarios e avalado pola Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria.

A certificación permitiu revisar

a xestión da información dirixida aos doentes, a accesibilidade que estes teñen cos farmacéuticos, o uso de novas tecnoloxías e os métodos alternativos empregados polo Servizo de Farmacia para comunicarse e facer o seguimento dos pacientes da Área Sanitaria.

«Se hai unha característica que define ao noso servizo é a constante aposta e compromiso coa calidade e coa innovación. Este selo indícanos que estamos nesa liña e recibilo supuxo un estímulo para o equipo», destacou o xefe de Farmacia, Carlos Crespo, no acto celebrado onte en Montecelo.



Acto de entrega celebrado onte en Montecelo. DP

A Xunta impulsa un millar de prazas gratuítas nas escolas infantís da cidade

REDACCIÓN

PONTEVEDRA. Un millar de prazas de 0 a 3 anos de balde e en escolas infantís da cidade. É a cifra que a Xunta pon sobre a mesa dentro do programa da gratuidade para o 100% do alumnado.

Recordouno onte en Pontevedra o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, que visitou as novas obras de mellora realizadas na escola infantil de Campolongo, pertencente á rede pública autonómica, ás que se destinaron 30.000 euros para renovar o parque exterior de xogos, entre outros.

O director xeral destacou que Galicia continúa a ser unha referencia na atención da etapa educativa de 0 a 3 anos, que é voluntaria. Neste sentido, Rey lembrou que o Executivo autonómico iniciou en solitario no ano 2020 a implantación da gratuidade nas escolas infantís, unha medida pioneira que situou á nosa comunidade como líder nacional na escolarización de 0 a 3 anos.

A Xunta destinará o vindeiro ano en Galicia un total de 60 millóns de euros de fondos propios a financiar a gratuidade das escolas infantís para beneficiar a arredor



Visita do director xeral de Familia á escola de Campolongo. DAVID FREIRE

de 31.000 familias, con independencia de que leven os seus fillos a un centro da Xunta, municipal, de iniciativa social ou privado.

O director xeral lembrou que cada fogar aforra máis de 2.000 euros ao ano gracias a esta medi-

da. Así, lembran desde o departamento autonómico que dirixe Jacobo Rey, Galicia continúa sendo a única comunidade que oferta atención educativa de balde de 0 a 3 anos oito horas diarias de luns a venres e once meses ao ano.